

## **RESOLUCIÓN REITORAL DO 19 DE OUTUBRO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECE UN PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE MATERIAL INFORMÁTICO PARA O ADECUADO DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA NON PRESENCIAL**

A Universidade de Santiago de Compostela, tendo en conta a situación xerada como consecuencia da pandemia que estamos sufrindo, implementa un amplo programa de axudas dirixido a facilitar o acceso e a permanencia nos estudos que oferta.

O obxectivo é atender solicitudes de axudas para estudantes cunha situación económica, social ou familiar que poida influir negativamente na continuidade dos seus estudos universitarios. Co fin de poder avaliar a capacidade económica no momento de presentación da solicitude, valoraranse as circunstancias derivadas da crise xurdida como consecuencia da pandemia do coronavirus.

A crise sitúa a unha parte do alumnado nunha situación de vulnerabilidade á hora de contar con recursos materiais necesarios neste novo escenario no que conviven a docencia presencial e virtual.

Por este motivo, e como complemento doutra liña de axudas dirixidas a paliar o gasto derivado dos servizos de conexión imprescindibles para o seguimento da docencia, a Universidade pon en marcha un programa de préstamo de material informático .

En virtude do exposto, e no uso das competencias atribuídas polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

### **RESOLVO**

Establecer un programa de préstamo de material informático e de conexión a servizos de rede para o desenvolvemento da docencia non presencial con motivo da crise sanitaria causada polo COVID-19 para o curso académico 2020-2021, de conformidade coas bases recollidas no anexo I.

Santiago de Compostela,

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## ANEXO I

### PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE MATERIAL INFORMÁTICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA NON PRESENCIAL

#### PRIMEIRA. *Obxecto do programa*

O obxecto do programa é o préstamo de material informático coa finalidade de garantir que o alumnado con dificultades económicas, que careza dos medios precisos para o seguimento da docencia virtual, poida acceder aos recursos de docencia virtual .

#### SEGUNDA. *Requisitos das persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias as que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculada/o nunha titulación oficial de grao ou mestrado durante o curso académico 2020/2021
- Non estar cursando nesta Universidade un programa de mobilidade entrante nacional ou internacional, nin estar cursando un programa de mobilidade noutra universidade fóra de Galicia.
- Non dispoñer de equipamento informático e/ou non dispoñer de conexión a servizos de internet
- Acreditar mediante a documentación sinalada na base Sexta a situación de dificultade económica da persoa solicitante ou da unidade familiar
- Aceptar, mediante declaración xurada, as condicións da cesión temporal e uso, así como a penalización polo seu incumprimento de conformidade coas bases Décimo segunda e Décimo cuarta.
- Formalizar o pago da fianza establecido na base Décimo segunda.

#### 2. Requisitos económicos

2.1 Poderá optar a esta axuda o alumnado cuxa Renda Persoal Dispoñible (RPD) sexa, como máximo, de 9.000 euros.

Calcularase a RPD de acordo coas seguintes regras:

A renda familiar (RF) obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da unidade familiar que obteña ingresos de calquera natureza:

a) Rendas dos membros computables que presentasen declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas:

i. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro, excluíndose todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2015 a 2018 e o saldo neto negativo de rendementos de capital mobiliario de 2015 a 2018 a integrar na base imponible do aforro.

ii. Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

O resultado obterase dos recadros da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2019: 420+432-421+424+429-430-425-595.

b) Nas rendas dos membros computables que non presentasen declaración valoraranse os ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.), do resultado restaranse os pagos a conta efectuados.

O resultado final dividirase polo número de membros computables da unidade familiar a 31 de decembro de 2019. É dicir, a renda persoal dispoñible (RPD) =  $RF/n^o$  membros computables.

Son membros computables da familia: os proxenitores, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor, de ser o caso; o/a solicitante, os/as irmáns/irmás solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2019 ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente. No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o/a cónxuxe ou, no seu caso, a persoa á que se encontre unido/a por análoga relación, así como os/as fillos/as se os houbese e que convivan no mesmo domicilio.

En caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co/coa solicitante do bono de comedor, pero terá, non obstante, a consideración de membro computable, de ser o caso, o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, cuxas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

Cando o réxime de custodia dos/as fillos/as sexa o de custodia compartida, consideraranse membros computables o pai e a nai do/da solicitante, os fillos comúns e os ascendentes do pai e da nai que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

Nos supostos nos que o/a solicitante sexa un/unha menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores. Cando se trate dun maior de idade terá a consideración de non integrado na unidade familiar a estes efectos.

Nos casos nos que o/a solicitante alegue a súa emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar que conta con medios económicos propios suficientes que permitan a dita independencia así como a titularidade ou aluguer do seu domicilio habitual.

En caso contrario, e sempre que os ingresos acreditados resulten inferiores aos gastos soportados en concepto de vivenda e outros gastos considerados indispensables, entenderase non probada a independencia, polo que, para o cálculo da renda, se computarán os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refiren os apartados anteriores.

2.2 No caso de que a renda familiar sufrira unha diminución posterior no ano 2019 como consecuencia da pandemia polo coronavirus SaRS-CoV-2 (COVID-19), a persoa solicitante deberá xustificalo documentalmente.

### TERCEIRA. Compatibilidades

Estas axudas son incompatibles coa percepción de calquera outro tipo de axuda de carácter público ou privado para a mesma finalidade.

A solicitude dos recursos especificados nos apartados “b” e “d” na base QUINTA, dispositivos router e plans de datos, será incompatible coa solicitude de axudas para facilitar o desenvolvemento da docencia virtual, convocadas por Resolución Reitoral do 19 de outubro de 2020, así como coa obtención de praza na *Convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do servizo universitario de residencias da Universidade de Santiago de Compostela para o curso 2020-21*.

### CUARTA. Duración do préstamo

O periodo de préstamo do material informático será o seguinte:

1. Alumnado con matrícula no primeiro semestre: ata o 28 de xaneiro de 2021
2. Alumnado con matrícula anual: ata o 16 de xullo de 2021

Non obstante, en función das necesidades académicas, o alumnado beneficiario poderá solicitar motivadamente a prórroga do préstamo.

### QUINTA. Recursos susceptibles de préstamo

1. Os recursos susceptibles de préstamo son:
  - a) 200 ordenadores portátiles
  - b) 150 dispositivos router con conexión a internet móbil 4G dotados de tarxeta SIM
  - c) 90 cámaras web
  - d) 500 plans de datos (tarxeta SIM)

### SEXTA. Presentación de solicitudes

1. A presentación de solicitudes farase a través da Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, empregando o formulario normalizado de solicitude dispoñible no seguinte enderezo dirixido á Xerencia da USC:

<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/PrestamoMaterialInformatico.htm>

2. As consultas sobre a convocatoria ou a presentación de solicitudes dirixiranse á Oficina de Información Universitaria da USC por correo electrónico ([oiu@usc.es](mailto:oiu@usc.es)).

3. A presentación da solicitude implicará a autorización á Universidade, acreditada mediante a sinatura do Anexo II de todos os membros computables da unidade familiar, para obter a través das correspondentes administracións tributarias, os datos necesarios para determinar a renda familiar dos membros computables da familia do/da solicitante, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha Administración Pública, para os efectos de determinar a concesión do préstamo de material informático. No suposto de

que por circunstancias derivadas da limitación de mobilidade da cidadanía durante a vixencia do estado de alarma, algún dos membros non poida asinar a solicitude, será válido o consentimento achego por calquera outro medio.

4. No caso de que a solicitude sexa formulada por persoas que formen parte de unidades familiares nas que as Administracións Tributarias non dispoñan de datos, será a persoa solicitante quen deba achegar a información fidedigna sobre a situación económica de renda da súa unidade familiar.

5. Do mesmo modo, se existisen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das Administracións Tributarias, requirirase á persoa solicitante a presentación do certificado resumo da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.

6. A documentación a achegar coa solicitude é a seguinte:

- Autorización asinada por todos os membros computables da unidade familiar cos datos establecidos no modelo do Anexo II
- Declaración responsable, dispoñible no formulario de solicitude, expoñendo os feitos que produciron unha situación de dificultade económica, consecuencia da pandemia, para a/o alumna/o ou para a unidade familiar.
- Documentación que acredite a situación de dificultade económica derivada da pandemia.
- Declaración de aceptación das condicións da cesión temporal e do uso, dispoñible no formulario de solicitude, así como da penalización que implique o seu incumprimento de conformidade coas bases Décimo segunda e Décimo cuarta da convocatoria.

#### *SÉTIMA. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes*

A convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela. O prazo de presentación de solicitudes contará desde o día seguinte da publicación no Taboleiro Electrónico e será de **10 días hábiles**.

#### *OITAVA. Tramitación do procedemento*

1. O órgano competente para a resolución do procedemento será a Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela.
2. Á vista das solicitudes presentadas, a Xerencia realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.
3. A Xerencia remitirá á Comisión de Avaliación a relación ordenada de solicitudes co criterio de prelación baseado na Renda Persoal Dispoñible, de conformidade coa base Novena.

#### *NOVENA. Avaliación das solicitudes*

1. A valoración das propostas virá dada pola suma dos seguintes criterios:

- 70 puntos como máximo que corresponderán á Renda Persoal Dispoñible en función da Renda Familiar e do número de membros computables, calculada de acordo coa base SEGUNDA. A puntuación asignada será a seguinte:

RPD	Puntuación máxima
Ata 5.050 €	70
Entre 5.050,01 € e 9.000 €	40

- 30 puntos como máximo que corresponderán á valoración da situación persoal de dificultade económica da persoa solicitante ou da unidade familiar de conformidade coa valoración proposta pola Comisión de Avaliación.

#### DÉCIMA. Comisión de Avaliación

1. A Comisión de Avaliación será a encargada de avaliar o criterio de adxudicación baseado na situación persoal de dificultade económica da persoa solicitante ou da unidade familiar.

2. A Comisión de Avaliación estará composta por:

- Vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade, que a presidirá

- Vicexerenta de Persoal, Investigación e Planificación Estratéxica

- Director da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación

3. O funcionamento da Comisión de Avaliación axustarase ao disposto nas normas contidas para estes efectos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

4. Unha vez realizada a valoración das solicitudes, a Comisión de Avaliación levantará acta na que informe da puntuación asignada a cada solicitude, da que dará traslado á Xerencia.

#### DÉCIMO PRIMEIRA. Resolución do procedemento

1. Á vista do informe da Comisión de Avaliación, a Xerencia elaborará a resolución ordenando as solicitudes por orde decrecente de puntuación ata que se esgote o material informático dispoñible de conformidade coa base Quinta da convocatoria.

2. A Xerencia publicará a resolución de concesión ou denegación definitiva **no prazo máximo de quince días contado** desde a presentación da solicitude, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. A falta de publicación no prazo sinalado dará lugar a que se entendan desestimadas as correspondentes solicitudes.

4. Contra a resolución de concesión ou denegación, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

#### DÉCIMO SEGUNDA. Pagamento da fianza

1. A partir da publicación da resolución as persoas beneficiarias deberán aboar a cantidade de 50 € en concepto de fianza polo préstamo do material informático. No suposto de que o préstamo sexa só do material dos apartados b), c) e d) o importe será de 10 €.

2. As persoas beneficiarias recibirán un correo electrónico no enderezo consignado na solicitude no que figurará un enlace para efectuar o pagamento da fianza **no prazo de 2 días hábiles**, que poderá realizarse por medio de tarxeta de crédito ou de débito, e en efectivo nas entidades bancarias que se sinalen no documento.

3. No caso de non cumprir este trámite entenderase que renuncia ao préstamo do material.

4. A devolución da fianza realizarase despois da devolución do préstamo, unha vez que se comprobe o estado do material cedido.

#### DÉCIMO TERCEIRA. *Entrega e recollida do material*

1. A entrega realizarase no domicilio consignado pola persoa beneficiaria no formulario de solicitude mediante o servizo de mensaxería concertado pola Universidade para estes efectos.

2. A recollida do material realizarase unha vez finalizado o prazo establecido para a cesión do material a través do servizo de mensaxería concertado pola Universidade para estes efectos.

3. No suposto de non proceder á devolución, a Universidade emprenderá as accións pertinentes para a súa recuperación ou para a indemnización dos gastos xerados.

#### DÉCIMO CUARTA. *Condicións do préstamo e uso do material*

1. As persoas beneficiarias serán responsables do correcto uso dos medios e equipos facilitados, de acordo coa finalidade recollida na base Primeira da convocatoria, debendo destinar os medios ao acceso ao Campus Virtual, así como ás ferramentas postas a disposición pola Universidade de Santiago de Compostela para a docencia non presencial (portais web, aplicacións ofimáticas, software de docencia, catálogos, bases de datos, revistas electrónicas entre outros).

2. As persoas beneficiarias comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas no Regulamento de uso das TIC, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 29 de xullo 2019

(<https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/19458/Regulamento%20de%20uso%20das%20TIC%20na%20USC.pdf?sequence=1&isAllowed=y>).

3. En caso de extravío ou perda do material ou dalgún dos seus accesorios, a persoa beneficiaria será responsable da súa reposición.

4. No caso do préstamo de ordenadores portátiles a persoa beneficiaria comprométese a non manipular o hardware e o software instalado.

5. No caso do préstamo de dispositivos router non se poderá manipular a tarxeta SIM que o acompaña nin empregala para outro uso que non sexa o establecido neste programa.

6. Calquera anomalía ou mal funcionamento que se detecte no material durante o préstamo debe ser comunicada inmediatamente a través do Centro de Atención a



Usuarios da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC)  
[cau@usc.gal](mailto:cau@usc.gal).

DECIMO QUINTA. Interpretación

Facúltase á Comisión de Valoración para interpretar todas aquelas circunstancias que concurran nas solicitudes e non queden reflectidas nesta convocatoria.



## ANEXO II

Número	Parentesco	NIF/NIE	Apellidos e nome	Sinatura
1	SOLICITANTE			
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				

Os/As abaixo asinantes autorizan á USC, para os efectos desta convocatoria, a obter das Administracións Tributarias os datos necesarios para a comprobación da renda familiar.

Sinaturas: Este formulario ten que estar asinado por todos os membros da unidade familiar, incluído/a o/a solicitante

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
19/10/2020 16:07:02.

**CSV:** 4437-6CB5-4D0B-9364